



**CONVENIO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DA XUNTA DE GALICIA E A FUNDACIÓN
GONZALO TORRENTE BALLESTER PARA A REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES CULTURAIS**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral de Cultura da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral de Cultura ten previsto formalizar coa Fundación Gonzalo Torrente Ballester o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración coa Fundación Gonzalo Torrente Ballester para a realización de actividades culturais.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamentan no seguinte:

Exposicións : GTB e o teatro e Diego Lara en coleccións galegas

GTB e o teatro. Dende a Fundación Gonzalo Torrrrente Ballester iníciase un ciclo de exposicións, especialmente bibliográficas e documentais, sobre aspectos importantes na





vida e obra de Gonzalo Torrente Ballester, que sirvan como chamadas de atención sobre as súas achegas en distintos ámbitos culturais.

Diego Lara en coleccións galegas. A Fundación Gonzalo Torrente Ballester organiza unha mostra na que reúne a obra plástica e gráfica que se conserva en Galicia do deseñador madrileño Diego Lara (1946-1990), sen dúbida un referente no deseño de revistas, publicacións e catálogos nos anos 70 e 80. Recoñecido polos seus traballos para a revista *Trece de nieve*, *Revista de información poética ou Buades*.

Por outra banda o arquivo e catalogación dos novos fondos artísticos da Fundación Gonzalo Torrente Ballester que dende o ano 2009 ao 2015 a Fundación viu incrementados sensiblemente os seus fondos artísticos con, entre outras, as novas copias das fotografías realizadas por Gonzalo Torrente Ballester, así como fotografías tomadas a Gonzalo Torrente Ballester, fotografías de monumentos de Francisco Asorey, escultura de Ignacio Basallo etc.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características, por todo o que representa a vida literaria de Torrente Ballester, polo que é a Fundación Gonzalo Torrente Ballester a encargada de dar a coñecer a obra de Gonzalo Torrente Ballester e estudar os seus aspectos.

Por todo o anterior é a Fundación Gonzalo Torrente Ballester a que posúe a especificidade como beneficiario así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela a 12 de xullo de 2016.

